

Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC

Índice

Preámbulo

Título I. Introdución

Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Definicións

Título II. Empresas de base tecnolóxica (EBT) e empresas baseadas na investigación e o coñecemento (EBIC) da UDC

Capítulo I. Procedemento de constitución

Artigo 3. Réxime de autorización das EBT da UDC

Artigo 4. Réxime de autorización das EBIC da UDC

Capítulo II. Participación da UDC na EBT ou EBIC

Artigo 5. Participación da UDC no capital social da EBT ou EBIC

Artigo 6. Participación da UDC no órgano de goberno da EBT ou EBIC

Artigo 7. Dereito de saída da UDC

Artigo 8. Seguimento da participación

Artigo 9. Contrato entre socios

Capítulo III. Transferencia dos resultados de investigación da UDC

Artigo 10. Contrato de transferencia dos resultados de investigación

Capítulo IV. Participación dos membros da comunidade universitaria da UDC na EBT ou EBIC

Artigo 11. Participación no capital social e no órgano de administración

Artigo 12. Excedencias para a incorporación á actividade da EBT

Título III. Empresas asociadas promovidas por membros da comunidade universitaria da UDC

Artigo 13. Recoñecemento de empresas asociadas da UDC

Título IV. Servizos de apoio ás EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

Artigo 14. Programa de formación e de axudas da UDC

Artigo 15. Uso de instalacións

Artigo 16. Convenios de colaboración

Artigo 17. Rexistro das EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

Artigo 18. Contratación preferente de estudantado da UDC

Artigo 19. Imaxe corporativa das EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

Disposicións adicionais

Primeira. Adecuación á normativa aplicable

Segunda. Referencia aos órganos previstos neste regulamento

Disposición final

Única. Entrada en vigor

Anexos

Anexo I. Contido do contrato entre socios

Anexo II. Contido do contrato de transferencia dos resultados de investigación

Preámbulo

A Universidade da Coruña (UDC) sinala nos seus Estatutos que «a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento, constitúe unha función esencial da Universidade da Coruña». Por este motivo, prevese expresamente que «a Universidade da Coruña poderá crear empresas de base tecnolóxica, para favorecer a transferencia dos coñecementos xerados e a súa presenza no proceso de innovación do sistema produtivo».

Para lles dar cumprimento aos seus obxectivos, a UDC fomentou durante os últimos anos a creación de empresas nadas na propia universidade e baseadas na explotación da tecnoloxía e os coñecementos desenvolvidos nas actividades do persoal investigador da UDC.

O marco legal aplicable ás empresas de base tecnolóxica, previsto na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (LOU), foi reformado mediante a Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, que modifica a LOU e que dota este tipo de empresas dun réxime xurídico específico, coa finalidade de apoiar a súa creación e o seu desenvolvemento no mundo universitario e favorecer a participación tanto da universidade como do persoal docente universitario na explotación dos resultados da investigación xurdida no contorno universitario.

Por tanto, a UDC, en cumprimento do previsto nos seus Estatutos e dentro do novo marco legal aplicable ás empresas de base tecnolóxica, para dar o apoio e pulo necesarios que favorezan a creación de novas iniciativas empresariais no seu contorno, desenvolve este regulamento para articular a creación e a posibilidade de participación da UDC en empresas de base tecnolóxica e empresas baseadas na investigación e o coñecemento, así como o recoñecemento de empresas asociadas.

Título I. Introducción

Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable aos proxectos empresariais xurdidos no contorno da UDC, as fórmulas de participación tanto da propia UDC como dos membros da comunidade universitaria da UDC nestas empresas e o marco de relación con elas.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos deste regulamento, teranse en consideración as seguintes definicións:

- **Persoal da UDC:** persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos da UDC, segundo son definidos nos Estatutos da UDC.

- **Comunidade universitaria da UDC:** persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e estudantado da UDC, segundo son definidos nos Estatutos da UDC, así como, para os efectos do regulamento, aquelas persoas tituladas na UDC que obtivesen o título dentro dos dous anos anteriores ao momento da solicitude de creación ou recoñecemento da empresa.

- **Empresas de base tecnolóxica (EBT) da UDC:** empresas, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa aplicable, que teñan por obxecto a explotación de resultados de investigación da UDC de carácter tecnolóxico.

- **Empresas baseadas na investigación e o coñecemento (EBIC) da UDC:** empresas promovidas logo da solicitude de persoal da UDC, que teñan por obxecto a explotación de resultados de investigación da UDC e que non cumpran os requisitos fixados para seren cualificadas como EBT.

- **Empresa asociada da UDC:** empresa participada por membros da comunidade universitaria da UDC que non ten por obxecto a explotación de resultados de investigación da UDC.

– **Resultados de investigación da UDC de carácter tecnolóxico:** tecnoloxía e coñecemento tecnolóxico, incluídos patentes e sófware, xerados como consecuencia das actividades de investigación desenvolvidas na UDC e de titularidade total ou parcial da UDC.

Título II. Empresas de base tecnolóxica (EBT) e empresas baseadas na investigación e o coñecemento (EBIC) da UDC

Capítulo I. Procedemento de constitución

Artigo 3. Réxime de autorización das EBT da UDC

- 3.1.** A constitución dunha EBT da UDC requirirá a autorización previa por parte da UDC e seguirá o procedemento que se detalla a continuación.
- 3.2.** Os membros do persoal da UDC que estiveren interesados en constituíren unha empresa para a explotación comercial de resultados de investigación da UDC de carácter tecnolóxico deberán presentar unha solicitude de aprobación do proxecto ante a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) (en diante, a solicitude), coa seguinte información:
 - a) Borrador do plan da empresa, en que se describa a actividade empresarial que se pretende desenvolver e que incorpore os seus principais aspectos tecnolóxicos, económicos e comerciais
 - b) Descrición dos resultados de investigación da UDC que se desexen explotar no marco do desenvolvemento do proxecto da EBT da UDC.
 - c) Presentación do equipo emprendedor, con indicación da súa vinculación á UDC.
- 3.3.** Para preparar a documentación, as persoas solicitantes poderán contar co asesoramento da OTRI.
- 3.4.** Unha vez presentada a solicitude, a OTRI analizará na prazo máximo dun mes a viabilidade do proxecto empresarial, e en particular os aspectos tecnolóxicos e financeiros. Para realizar esta análise, a OTRI poderá solicitar a información adicional que precisar e apoiarse en asesores internos e/ou externos.

- 3.5.** A solicitude, conxuntamente coa análise da OTRI, seralle remitida ao vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento, quen a entregará ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica. Este órgano redactará no prazo máximo dun mes un informe sobre a viabilidade da creación da EBT nos termos solicitados, que incluírá, entre outros aspectos, unha proposta relativa ás contraprestacións axeitadas a favor da UDC.
- 3.6.** O devandito informe, xunto coa solicitude, seralle remitido ao Consello Social da UDC, que a través da comisión competente emitirá un informe coa súa valoración da solicitude e as condicións propostas para a creación da EBT.
- 3.7.** O informe do Consello Social seralle remitido ao Consello de Goberno, que a partir da documentación anterior resolverá a respecto da solicitude concedendo ou denegando a autorización para crear a EBT e, no caso de aprobación, establecendo o réxime xurídico que regulará a súa creación e a transferencia dos resultados de investigación da UDC.
- 3.8.** No caso de o Consello de Goberno conceder a autorización, remitirase novamente ao Consello Social, que de estar conforme aprobará de forma definitiva a creación da EBT. No caso de desconformidade, retornarase o expediente ao Consello de Goberno xunto cunha referencia aos elementos en que se basee tal desconformidade.
- 3.9.** Só unha vez obtida a aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social se entenderá concedida a autorización por parte da UDC, e poderá procederse á constitución da EBT. O reitor será o encargado de asinar o contrato de transferencia de resultados de investigación e, de ser o caso, o contrato entre socios, segundo o establecido nos artigos 9 e 10 deste regulamento, aínda que poderá delegar esta competencia no vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento.
- 3.10.** O acordo do Consello de Goberno poderá dar a súa conformidade ao proxecto da EBT, mais sen a participación accionarial da UDC. Neste caso, non se requirirá acordo posterior do Consello Social, senón que abondará coa sinatura entre a UDC e a EBT non-participada pola UDC do correspondente contrato de transferencia de resultados da investigación, co réxime xurídico establecido no acordo. Se non cumpre cos requisitos establecidos pola normativa aplicable non poderá denominarse EBT e pasará a se considerar EBIC.

3.11. No caso de denegación da solicitude, se as persoas solicitantes decidiren constituír unha sociedade para o desenvolvemento da iniciativa empresarial proxectada, terán que presentar ante a OTRI un informe en que deberán xustificar debidamente por escrito o cumprimento da normativa vixente e, en especial, da normativa aplicable en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración pública, de dereitos de propiedade intelectual e industrial, e de patrimonio.

Artigo 4. Réxime de autorización das EBIC da UDC

- 4.1.** Os membros do persoal da UDC interesados en constituíren unha empresa para a explotación comercial de resultados de investigación da UDC de carácter non-tecnolóxico, mais baseada na investigación e o coñecemento, deberán presentar ante a OTRI a solicitude cos elementos que se indican no artigo 3.2. Para a súa preparación, poderán contar co asesoramento da OTRI.
- 4.2.** Unha vez presentada a solicitude, procederase á análise do proxecto empresarial por parte da OTRI, nos mesmos termos definidos no artigo 3.4.
- 4.3.** A solicitude, conxuntamente coa análise por parte da OTRI, seralle remitida ao vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento, que a entregará ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.
- 4.4.** Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, á luz da documentación remitida, enviará o seu informe nos mesmos termos previstos no artigo 3.5.
- 4.5.** O devandito informe, xunto coa solicitude, seralle remitido ao Consello Social da UDC, que a través da comisión competente emitirá un informe coa súa valoración da solicitude e as condicións propostas para a creación da EBIC.
- 4.6.** O informe do Consello Social seralle remitido ao Consello de Goberno, que a partir da documentación anterior resolverá a respecto da solicitude concedendo ou denegando a autorización para crear a EBIC e, no caso de aprobación, establecendo o réxime xurídico que regulará a súa creación e a transferencia dos resultados de investigación da UDC.

- 4.7. No caso de o Consello de Goberno conceder a autorización, remitirase novamente ao Consello Social, que de estar conforme aprobará de forma definitiva a creación da EBIC. No caso de desconformidade, retornarase o expediente ao Consello de Goberno xunto cunha referencia aos elementos en que se basee tal desconformidade.
- 4.8. Só unha vez obtida a aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social se entenderá concedida a autorización por parte da UDC, e poderá procederse á constitución da EBIC. O reitor será o encargado de asinar o contrato de transferencia de resultados de investigación e, de ser o caso, o contrato entre socios, segundo o establecido nos artigos 9 e 10 deste regulamento, aínda que poderá delegar esta competencia no vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento.
- 4.9. O acordo do Consello de Goberno poderá dar a súa conformidade ao proxecto da EBIC, mais sen a participación accionarial da UDC. Neste caso, non se requirirá acordo posterior do Consello Social, senón que abondará coa sinatura entre a UDC e a EBIC non-participada pola UDC do correspondente contrato de transferencia de resultados da investigación, co réxime xurídico establecido no acordo.
- 4.10. No caso de denegación da solicitude, se as persoas solicitantes decidiren constituír unha sociedade para o desenvolvemento da iniciativa empresarial proxectada, terán que presentar ante a OTRI un informe en que deberán xustificar debidamente por escrito o cumprimento da normativa vixente e, en especial, da normativa aplicable en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración pública, de dereitos de propiedade intelectual e industrial, e de patrimonio.

Capítulo II. Participación da UDC na EBT ou EBIC

Artigo 5. Participación da UDC no capital social da EBT ou EBIC

- 5.1. A autorización da UDC para crear a EBT ou EBIC comportará o dereito desta entidade a participar no seu capital social, nos termos e condicións establecidos no acordo adoptado para tal efecto.

- 5.2. A participación correspondente á UDC na EBT ou EBIC poderá ser desempeñada de forma directa ou a través dunha entidade creada pola UDC de conformidade co art. 84 da LOU. En tal caso, esta entidade posuiría a posición e os dereitos que, en virtude deste regulamento, corresponden á UDC pola súa participación na EBT ou EBIC.

Artigo 6. Participación da UDC no órgano de goberno da EBT ou EBIC

- 6.1. A participación da UDC no capital social da EBT ou EBIC poderá comportar, se así o desexase a UDC, a presenza de representantes desta entidade no seu órgano de administración.
- 6.2. Corresponderalle ao reitor da UDC a facultade de designación e, de ser o caso, substitución e/ou cesamento do ou dos representantes da UDC no órgano de administración da EBT ou EBIC. De conformidade co establecido na normativa vixente, a referida designación implicará a autorización de compatibilidade.

Artigo 7. Dereito de saída da UDC

- 7.1. A UDC reservarase contractualmente a facultade de saír da EBT ou EBIC no caso de incumprimento por parte da empresa das súas obrigas contractuais coa UDC, de abandono da súa actividade ou de que a actividade que desenvolva sexa contraria aos principios reitores da UDC.
- 7.2. Adicionalmente, no caso de incumprimento por parte da EBT ou EBIC das obrigas asumidas ante a UDC, esta reservarase facultades para a protección do interese público, tales como a reversión dos resultados da investigación da UDC transferida á EBT ou EBIC, e dos estudos realizados sobre ela.

Artigo 8. Seguimento da participación

- 8.1. A Unidade de Seguimento de Participacións da UDC, conformada por representantes do Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica e da OTRI, asumirá o control da actividade das EBT e EBIC. Estas pola súa vez asumirán a obriga de colaboraren coa Unidade de Seguimento de Participacións na xestión das súas actividades de control.

- 8.2. As EBT e EBIC deberán remitirle á Unidade de Seguimento das Participacións da UDC, no prazo de 4 meses desde a data de peche do exercicio, as contas anuais, así como un informe en que se detalle a evolución da súa actividade, con especial atención aos aspectos financeiros e tecnolóxicos.
- 8.3. A Unidade de Seguimento de Participacións da UDC poderá requirir a realización dunha auditoría, no caso de consideralo conveniente á luz da información remitida pola EBT ou EBIC. Os gastos derivados desta auditoría serán en calquera caso asumidos pola empresa.
- 8.4. A Unidade de Seguimento de Participacións da UDC, á luz das informacións recibidas, presentaralle un informe ao vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento, no cal describa a situación actual da EBT ou EBIC e as súas recomendacións a respecto das actuacións que cómpre realizar por parte da UDC.

Artigo 9. Contrato entre socios

- 9.1. A totalidade dos socios da EBT ou EBIC deberá subscribir, de forma previa ou simultánea á súa constitución, un contrato entre socios no cal se determinarán, entre outras, as normas de administración e goberno da empresa, segundo o establecido neste regulamento e no acordo de autorización da creación da EBT ou EBIC.
- 9.2. Achégase como Anexo 1 a relación de contidos que, atendendo á preservación dos intereses e os dereitos económicos da UDC, é recomendable incorporar no contrato entre socios.

Capítulo III. Transferencia de resultados de investigación da UDC

Artigo 10. Contrato de transferencia de resultados da investigación

- 10.1.** A autorización por parte da UDC da creación da EBT ou EBIC requirirá formalizar un contrato de transferencia de resultados da investigación, en que se regularán os termos en que se producirá a transferencia a favor da empresa dos dereitos de uso e explotación comercial dos resultados de investigación da UDC, así como a correspondente contraprestación a que terá dereito a UDC, de acordo coas condicións establecidas no acordo de autorización da creación da EBT ou EBIC.
- 10.2.** Os dereitos sobre os resultados da investigación da UDC poderán ser obxecto de achega en cousa distinta a unha cantidade de diñeiro no momento da constitución da EBT ou EBIC, como contraprestación á adquisición de participacións na empresa por parte da UDC.
- 10.3.** Achégase como Anexo 2 a relación de contidos que, atendendo á preservación dos intereses e os dereitos económicos da UDC, é recomendable incorporar no contrato de transferencia de resultados da investigación para subscribir entre a EBT ou EBIC e a UDC.

Capítulo IV. Participación do persoal da UDC na EBT e EBIC

Artigo 11. Participación no capital social e no órgano de administración

- 11.1.** A participación do persoal da UDC no capital social e o órgano de administración da EBT ou EBIC axustarase ao establecido na normativa aplicable, e en particular á normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.
- 11.2.** En aplicación da disposición adicional 24.^a da Lei orgánica 4/2007, o profesorado funcionario do corpo docente da UDC poderá participar no capital social dunha EBT constituída de acordo co réxime previsto neste regulamento e participada pola UDC de forma directa ou indirecta, así como ser membro do seu órgano de administración, no caso de cumprir os requisitos establecidos na referida disposición da Lei orgánica 4/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 12. Excedencias para a incorporación á actividade da EBT

- 12.1.** O persoal docente e investigador da UDC habilitado pola Lei orgánica 6/2001, de universidades, e pola Lei orgánica 4/2007 e a súa normativa de desenvolvemento poderá solicitar unha excedencia para se incorporar á EBT, de conformidade cos termos previstos nestas normas. A devandita excedencia suporá a reserva do seu posto na UDC, e o cómputo do período de excedencia para os efectos de antigüidade.
- 12.2.** Antes da finalización do período de excedencia, o profesorado deberá comunicarlle a súa vontade de continuar a súa actividade á EBT ou de reincorporarse á UDC, segundo o caso. No caso de non comunicalo, considerarase que opta por continuar a súa actividade na EBT, o que suporá a declaración de oficio da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Título III. Empresas asociadas promovidas por membros da comunidade universitaria da UDC

Artigo 13. Recoñecemento de empresa asociada da UDC

- 13.1.** A UDC poderá outorgarlles o recoñecemento de empresa asociada da UDC a proxectos empresariais xurdidos no seu contorno, promovidos por membros da comunidade universitaria da UDC, co fin de que estas empresas poidan acceder aos servizos de apoio definidos no título IV.
- 13.2.** O procedemento de recoñecemento como empresa asociada da UDC iniciárase mediante unha solicitude dirixida á OTRI, que os emprendedores deberán acompañar da documentación prevista no artigo 3.2 deste regulamento que lles sexa de aplicación, así como acreditar que na súa actividade non empregan resultados da investigación da UDC. Para prepararen esta documentación, poden contar co asesoramento da OTRI.
- 13.3.** A resolución para a concesión da declaración de empresa asociada da UDC é competencia do vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento, que deberá informar o Consello de Goberno.
- 13.4.** As empresas asociadas da UDC deberán remitirle á OTRI anualmente a documentación definida no artigo 8.2 para facer o seu seguimento.

13.5. A UDC, a través do vicerreitor competente en materia de transferencia de coñecemento, poderá retirar o recoñecemento como empresas asociadas da UDC, NO caso de incumprimento por parte da empresa das obrigas derivadas deste regulamento, ou se a actividade realizada pola empresa resulta contraria aos principios reitores da UDC.

Título IV. Servizos de apoio ás EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

Artigo 14. Programa de formación e de axudas da UDC

14.1. A UDC, coa finalidade de favorecer a constitución de EBT, EBIC e empresas asociadas, desenvolverá unha política de promoción do emprendemento, que poderá incluír tanto programas de apoio á realización de proxectos emprendedores como a promoción de axudas a estas empresas.

14.2. Estes servizos de apoio serán coordinados pola OTRI.

Artigo 15. Uso de instalacións do Viveiro de Empresas da UDC

15.1. Para o desenvolvemento da súa actividade durante os primeiros dous anos, as EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC poderán solicitar o seu acollemento ao Viveiro de Empresas da UDC, e gozar das súas infraestruturas e servizos.

15.2. Para estes efectos, deberá subscribirse un convenio en que se regularán as condicións e termos en que se contratarán por parte da EBT, EBIC ou empresas asociadas da UDC os servizos e instalacións do Viveiro de Empresas da UDC, e as contraprestacións aplicables.

15.3. En todo aquilo que non for especificamente previsto polo referido convenio, será de aplicación a regulación establecida no Regulamento de admisión e permanencia das empresas de base tecnolóxica no Viveiro de Empresas da UDC que estea en vigor.

Artigo 16. Convenios de colaboración

16.1. A UDC e as EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC poderán subscribir convenios de colaboración para o desenvolvemento de actividades conxuntas de investigación, de conformidade co establecido no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, de universidades.

16.2. Na preparación destes convenios estableceranse os mecanismos oportunos para evitar potenciais situacións de conflitos de interese.

Artigo 17. Rexistro de EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

17.1. A UDC levará un rexistro de EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC, no cal se inscribirán os seguintes elementos:

- a) As solicitudes para constituír unha EBT, EBIC ou empresa asociada da UDC que fosen aprobadas ou recoñecidas pola UDC.
- b) Escrituras de constitución e estatutos da empresa.
- c) Contrato de transferencia de tecnoloxía e contrato de socios.
- d) As adquisicións e transmisións de participacións na EBT ou EBIC por parte da UDC ou a entidade vinculada.
- e) Os resultados da investigación da UDC sobre a cal a EBT ou EBIC dispón de dereitos, segundo o caso, para o seu uso e explotación comercial.
- f) A fórmula de participación da UDC no seu capital social, así como a participación da UDC no órgano de administración, de ser o caso.
- g) domicilio social e, de ser o caso as instalacións da UDC ou de entidades adscritas que empregue.
- h) Aquelas solicitudes de creación de EBT ou de recoñecemento de empresas asociadas da UDC que finalmente non fosen aprobadas.

17.2. As EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC, ou de ser o caso a UDC, deberán informar o rexistro de calquera modificación que se produza no tocante aos aspectos indicados na epígrafe anterior para a súa actualización.

17.3. Manterase a obriga de inscrición e de información das EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC no rexistro mentres a UDC, directamente ou a través dunha entidade vinculada, manteña participación ou relación contractual con elas.

Artigo 18. Contratación preferente de estudantes da UDC

- 18.1.** As EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC procurarán, no curso da súa actividade, realizar os seus mellores esforzos para contratar de maneira preferente estudantes que cursasen os seus estudos na UDC, facilitándolles a súa inserción no mercado laboral.
- 18.2.** As EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC procurarán recorrer, de forma preferente, á bolsa de traballo da UDC para a busca dos profesionais que requiran.

Artigo 19. Imaxe corporativa das EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC

- 19.1.** Para identificar no mercado as EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC, a UDC outorgará unha licenza de uso non-exclusiva, non-sublicenciabile e non-transmisible, da imaxe corporativa e de denominación da UDC, para os efectos exclusivos de que a EBT, EBIC ou empresa asociada utilice a denominación «EBT da UDC», «EBIC da UDC» ou «empresa asociada da UDC», respectivamente, e da imaxe corporativa que as identifique como tales, que para estes efectos se estableza.
- 19.2.** As EBT, EBIC e empresas asociadas da UDC deberán utilizar obrigatoriamente a imaxe corporativa e a denominación correspondente, de forma asociada á súa propia imaxe corporativa.
- 19.3.** O uso da denominación «EBT da UDC», «EBIC da UDC» ou «empresa asociada da UDC» en ningún caso representará que estas actúen en nome da UDC, nin que esta entidade avale as súas actividades empresariais.
- 19.4.** A UDC poderá requirir da EBT, EBIC ou empresa asociada da UDC en calquera momento que cese no uso da denominación e da imaxe corporativa indicada neste artigo. Neste caso, a empresa deberá deixar de utilizalas con carácter inmediato.

Disposicións adicionais

Primeira. Adecuación á normativa aplicable

A UDC procurará, no menor prazo posible, adecuar as disposicións establecidas neste regulamento a calquera eventual modificación da normativa legal aplicable, en particular a relativa a incompatibilidades e a empresas de base tecnolóxica.

Segunda. Referencia aos órganos previstos neste regulamento

No caso de que calquera das entidades, órganos ou cargos previstos neste regulamento deixen de desempeñar calquera das responsabilidades ou atribucións nel previstas, a súa posición dentro neste regulamento será asumida pola entidade, o órgano ou o cargo que sexa designado pola UDC para a realización de tales responsabilidades ou atribucións.

Disposición final

Única. Entrada en vigor

Este regulamento entra en vigor [...].

Anexos

Anexo 1. Contido do contrato de socios

- Réxime de adopción de acordos nos órganos sociais, e dereito de veto para determinados supostos (por exemplo, cambio no obxecto social).

Establecemento das maiorías requiridas para a adopción de acordos na Xunta Xeral e o Consello de Administración se corresponde, así como a regulación dun dereito de veto por parte da UDC dos acordos adoptados pola Xunta Xeral que se considere conveniente pola súa natureza.

- Réxime de transmisión de participacións e dereito de subscripción preferente.

Regulación dos termos e condicións en que os socios poden transmitir as participacións da compañía, regulando un dereito de adquisición preferente ante unha oferta de adquisición de participacións por parte dun terceiro, e valorando a posibilidade de incluír limitacións na transmisión de participacións a entidades competidoras da compañía.

- Dereito de acompañamento (*tag along*).

Dereito da UDC a participar dunha venda de participacións que faga outro socio promotor. No caso de que calquera dos socios promotores reciba unha oferta, a UDC pode participar da venda e transmitir unha parte das súas participacións nos termos ofrecidos, en proporción á súa participación no capital social da compañía. A finalidade deste dereito é que a UDC poida beneficiarse de ofertas realizadas por un terceiro a outro socio.

- Dereito antidilución.

Dereito da UDC a non diluír a súa participación accionarial na compañía a consecuencia de ampliacións de capital que a valoren por debaixo dun valor prefixado. Este dereito ten como obxectivo evitar dilucións indebidas sobre a participación da compañía.

- Mecanismos de saída da UDC do capital social da EBT en determinados supostos.

Dereito da UDC a saír do capital social da compañía e obrigarao resto de socios a adquirir a súa participación accionarial, sempre que concorran elementos que así o xustifiquen, como o incumprimento das obrigas asumidas pola compañía, o uso inadecuado dos resultados da investigación transferida, etc.

- Dereito de información, polo que a EBT ou EBIC remitirá información relativa á súa evolución financeira, comercial e tecnolóxica.

- Dereito de auditoría por parte da UDC da situación financeira, comercial e tecnolóxica, de ser o caso, da EBT ou EBIC.

Anexo 2. Contido do contrato de transferencia de resultados da investigación

- Termos e condicións de transferencia dos resultados da investigación.

Determinación da forma de transferencia dos resultados da investigación, proxectada inicialmente como unha licenza, así como os termos en que se outorga a licenza (ámbito temporal e material, sublicenciabilidade, transmisibilidade e exclusividade).

- Cláusulas de protección e defensa dos resultados da investigación da UDC.

Distribución dos dereitos e obrigas das partes en relación coa protección dos resultados da investigación da UDC (determinación de que parte ten que ser a encargada de solicitar os dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial sobre os resultados da investigación licenciados), así como no tocante á defensa, no caso de infracción de terceiros ou procedemento de oposición.

- Mecanismos de retribución.

Determinación dos mecanismos de retribución por parte da compañía á UDC pola transferencia de resultados da investigación da UDC. Esta retribución pode configurarse de diferentes formas, como pagamentos iniciais, canons, pagamentos por consecución de fitos etc.

- Dereito de reversión sobre os resultados da investigación da UDC no caso de abandono da actividade, de desuso total ou parcial, ou de utilización para actividades contrarias aos principios éticos da UDC.

O dereito de reversión poderá estenderse aos coñecementos xerados a partir de estudos realizados sobre os devanditos resultados da investigación, que permitan optimizar o uso e explotación por parte da UDC. A explotación dos devanditos coñecementos poderá dar lugar a unha retribución por royalties.

- Dereito de uso dos resultados da investigación da UDC para actividades de investigación da UDC.

Dereito da UDC polo que se asegura que, pese a conceder unha licenza en exclusiva para a explotación dos resultados da investigación da UDC, a institución pode continuar a explotación científica e non-comercial, asegurando así tanto a actividade de investigación como a evolución dos resultados da investigación.

- Dereitos sobre as evolucións e melloras dos resultados da investigación da UDC obxecto de transferencia á EBT ou EBIC.

Regulación da relación entre a EBT ou EBIC e a UDC en relación coas melloras e evolucións sobre os resultados da investigación que poida desenvolver a UDC no marco da súa actividade de investigación.

- **Supostos de responsabilidade e indemnidade.**

Limitación dos supostos de responsabilidade da UDC ante reclamacións de terceiros no que ten a ver coa titularidade dos resultados da investigación da UDC, ou dos problemas que se poidan derivar da súa explotación ou da imposibilidade de explotalos.
